


O ESPIGONCIÑO

O ESPIGONCIÑO
LETRAS GALEGAS 2013



Julia Crego, 6ºA

O 17 de maio é o **Día das Letras Galegas** e nesta data lembramos a figura de **Roberto Vidal Bolaño**, un autor de teatro e actor de teatro e de cine.

O **Día das Letras Galegas** comeza a celebrarse o 17 de maio de 1963, e foi elixida esta data porque se cumpría o centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de **Rosalía de Castro**. Este ano cúmplase o cento cincuenta aniversario desta publicación, razón pola que temos dous escritores para lembrar. Os dous, con outros máis, escribiron e traballaron en defensa da lingua galega, un dos mellores tesouros da nosa terra. Os nenos e nenas deste Colexio queremos lembrar a **Vidal Bolaño** e a **Rosalía**, e darlles a homenaxe que merecen. Ademais, **Roberto Vidal Bolaño** estivo varias veces en Cariño representando obras e hai poucos días tivemos ocasión de visitar o Panteón de Galegos Ilustres, onde se atopa a tumba de Rosalía de Castro.

Gustaríanos que celebráredes con ilusión este Día das Letras Galegas, que lembremos a todos os galegos ilustres que foron importantes para a nosa lingua e aos que, sendo máis humildes, fixeron todo o posible para que a nosa lingua non se perdesse. Para todos a nosa gratitude e a vós animarvos a que faledes e escribades en galego.

Inoa, Juan Luis e Verónica 5ºA

Este é o meu último ano neste colexio e espero que sexa especial. Levo xa 9 anos, é dicir, 9 celebracións do Día das Letras Galegas. O Día das Letras Galegas comezou a celebrarse o 17 de maio de 1963. Tres membros da Real Academia Galega presentaron nesta institución unha proposta histórica: que se declarase o día 17 de maio de cada ano "Día das Letras Galegas" como data para rendirlle homenaxe a persoeiros destacados na historia da literatura galega.

Este ano, adícase a Roberto Vidal Bolaño, un gran escritor e actor teatral. Roberto definíase a sí mesmo como un señor maior con chapeu e bigote. Elaborou guións para a Televisión de Galicia e para a Televisión Española e actuou en longametraxes como "Sempre Xonxa" e en series como "Mareas Vivas". Grazas ao teatro acadou numerosos premios. Morreu no ano 2002 en Santiago de Compostela, vítima dun cancro de pulmón.

Este ano 2013, tamén está adicado a Rosalía de Castro, con motivo da celebración do 150 aniversario de *Cantares Gallegos*. Rosalía foi unha gran poetisa e escritora galega que naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837. Outro dos seus libros máis famosos, "Follas Novas", foi publicado no ano 1880. O seu marido Manuel Murguía xa foi homenaxeado no ano 2000. Rosalía morreu en Padrón o 15 de xullo de 1885.


Deséxolles sorte nos estudos aos alumnos/as do colexio.

Eva Fraguela. 6ºA

SUMARIO.

Visita a Beelle	5
Os irmáns Grimm	8
O día do libro	13
Actividades sobre as froitas	19
A cociña dos nosos bisavós	21
Visita a Santiago de Compostela	25
Charla sobre os incendios forestais	27
Poemas e contos	28
Consellos para unha alimentación saudable	30
Rosalía	31
Letras Galegas	33
O Concello xa ten vinte e cinco anos	34
Semana da solidariedade	35
Biblioteca	38
Obradoiro de cociña	40
Experiencias	41
Deportes	42
Chistes e pasatempos.	43






NEREA COUTO



OS



NENOS

IMOZ

EN



BUS

LEVANDU

A



MOCHILA

COA



COMIDA

IMOZ

A

UNHA



DE



NA



FACEMOS




PLANTA MOZ

UNHA




MONTAMOS

EN



VOLVEMOS

NO



DO

COLE .

ESPERANOS OS NÓSOS



E.I. 3ANOS

OS IRMÁNS GRIMM


IRMANS GRIMM: 200 ANOS
PUBLICACION DO SEU DA
DE CONTOS. LIBRO
(CARLOS)



(LAURA)

JACOB
DUS Y
CONTO
IRMANS
GRIMM FORON
FAMOSOS POLOS SEUS
PARA MENOS.

(LAREN)




(ALEJANDRA)

NACERON EN JANAU EN ALEMIA TRABALHARON MA^N BIBOTECA DA CIDADE^{ALEMANIA} TARDE FORON PRESORES^{BIBLIOTECA} DA UNIBERSIDA^{PROFESORES} (DAVID)



OS IMANS RESPILAR TRADICION (DESSIRE) ESCRIBERON A OTOS^{CONOTOS} DE ORAL ALEMANA (CE BONITO)



(HUGO P.)

MAIS TAPE

TAMEN

RECOLLIERON

ALBUS
ALGUNS

KOTOS
CONTOS

FACECES. (ANXO)
FRANCESES



(HUG-OE)

LE EL FATOMOTAS
GATO CON BOTAS
(SABELA)

BARBA

AZUL


O LIBRO TITULASE CONTOS
DE FADAS DOS IRMANS GRIM.
(CELIA)

SEN NOS ELES NON CONELETOR
MOS ESTES COTOS CONEGERIAMOS
(LARA)



(ASPER)

UARCIO
PULGARCITO



CKPUJA
CAPERUCITA
(MATEO) RG
ROJA

AAES
BRANCA NEVES

E OS ES
SETE
(UT VE)

E AIO
MANIÑOS




ABAUIER
A BELA DURMINTE
(NOR)



CICA
CINCENTA



(LUCIA)



(JAVIER)

BOBO BOBO

(NOEL PEREZ)

SEDAER
SASTRELLLO VALIENTE



(ANDREA)

RARULE
RAPUNZEL

AINDOS A LR OLIRC
 DOS I MS GPM.
 E. I 4 JIRAFAS (ALE)

Alumnas e alumnos de Infantil 4 anos

EDUCACION INFANTIL 5 ANOS
EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS

CLASCO CODRILOS
CLASE "COCODRILOS"

0 23 D DE ABRIL CÉLEBRASE O

DIA DO LIBRO.
MULTILEO
(AMASOSTA
MASCOTA



DA NOS (NOSA) BIBLIOTECA INVITOUNOS
A PARTICIPAR NO "CONCURSO" INVITOUNOS
CONCURSO

DE ADIWIÑAS"
ADIWIÑAS

E NOS PARTICIPAMOS CON MOITO

INTERESE.

KOA IA LIOA / MASOTA D NOSA ASEI
CADA DÍA LILO MASCOTA DA CLASE
IA NA SA MOICA
TIÑA SÚA MOCHILA

U A A I V A . NOS L I A O L A
UNHA ADIVIÑA LIAMOLA
P E S A M O S A R S P O S T A
PENSABAMOS RESPONDA

E E S C I V I A M L A N U N
ESCRIBIAMOLA

P A P E L . D E S P O I S

I A M O S A B I B L O T E C A B O T A R
BIBLIOTECA

A NOS A RESPOSTA NO
BUZÓN "D TIO PINAS"
BUZÓN DE TIO PINAS.



TODOS OS "LOCO" DE LOS "ACERTAMOS AS"
COCODRILOS

ADVENNAS -
ADVETR SF:
AS SOLUCIÓNS ERAN:

LOSTRESCERDITOS
LOS TRES CERDITOS

EL FLAUTISTA DE HAMELIN

LA SIRENIA
LA SIRENITA

EL GATO CON BOTAS
EL GATO CON BOTAS

LA BELLA DURMIENTE

AOLA MUIFO
AGORA MULTIFEO


MADUNOS UA CRTA
MANDOUNOS UNHA CARTA

ENA GRADRCEMETO POLANOSA
AGRADECEMENTO

PARTICIPACION EDINOS

TAMEN CE NOSESTA APREPARAR
QUE


UNAGASALLO.



ESTAMOS INTRIGADOS!
PASAMOLO MOI BEN, FOI MOI
DIBERTIDO.

DIVERTIDO

GRAZAS MULTILEO.







BITOS Dos "COCODRILLOS":
Bicos

Marcos	Ameco	María
David	Luis	Carmina
Isid	Antonia	Iván
Alex	Jara	Zoe
Laura	Leonarda	
David	Isidra	
Alexandro	Antonio	Marta
	Xeray	

Alumnas e alumnos de Infantil 5 anos

ACTIVIDADES SOBRE AS FROITAS. A RELACIÓN DE 2º "B" COA FROITA

Fixemos algunhas actividades relacionadas coa froita, e así as viron os nosos nenos:

"A min gustáronme moito as actividades con sons ZA, ZO, ZU, CE CI e CA, CO, CU, QUE, QUI, porque todos traíamos froitas recortadas e as poñiamos no seu lugar e coloreábam os carteis que fixemos cando rematábam algunha outra tarefa de clase".

(David Sierra)

"Para a elaboración do libro de receitas de froitas, o que fixemos foi facer cada neno da clase unha receita con froitas. Despois xuntámolas todas e así fixemos o libro".

(Hugo Villarnovo)

"Frutilinda é unha personaxe feita de diferentes froitas como a mandarina, o plátano, a piña, as uvas e o amorodo. Púxenlle cousas de adorno para que fose unha personaxe divertida".

(Ainoa Villar)

"A pera é feminino e singular como pon no cartel que fixemos. A pera ten moita vitamina. Comer froita é moi san; sen a froita non podemos ter un corpo san".

(Diego Quiza)

"A min gustoume moito facer a xelatina con amorodos e tamén a receita que levei para o libríño".

(Tatiana Rey)

" Un día o profesor dixo que íamos facer unha xelatina de amorodos. O primeiro que fixemos foi ferver auga; logo botamos a xelatina na auga e remexemos. Despois, metémola en vasos de plástico e deixámola arrefriar ata o outro día. E comémola. MMMMM, que rica !!!!! ".

(Miguel López)

"Fixemos xelatina no laboratorio con Cristi e con Roberto. Fixémola con auga quente e fría e botámoslle un sobre con po de xelatina. Cortamos os amorodos en anaquiños e botámosllos. A min non me gusta a xelatina".

(Jessica Sedes)

"Encantoume o libro de froitas que fixemos. Os postres que máis me gustaron foron a macedonia e os amorodos con nata. As fotos do libro eran moi realistas. Gustoume que os meus compañeiros de clase colaboraran no libro".

(Mónica Rodríguez)

"Para facer a xelatina con amorodos, bótase nunha xerra a xelatina en po; lavamos uns amorodos e cortámolos en anaquiños. Xuntamos todo e removemos e logo repartímolo nos vasos para poñer a arrefriar na neveira ata o día seguinte".

(Raúl Magalhaes)

"Ola son David e agora vouvos contar o que fixemos coa froita. Fixemos un libro de receitas usando moitas froitas e fixemos bastantes receitas: marmelo, piruletas, macedonia..."

(David Ramos).

"Gustoume moito facer o libro de postres xa que tivemos que participar os nenos da clase. O noso mestre xuntou os postres que lle demos e fíxonos un libro para cada un de nós. Agora todos podemos facer os postres nas nosas casas".


(Julián Lozano).

"A mino que máis me gustou foi facer a xelatina. Primeiro bótase auga quente nunha cunca; despois botamos o sobre de xelatina e os amorodos cortados en anaquiños e mesturamos todo. Logo botámolo nun vaso co noso nome e puxémolo na neveira. Por fin comémolo ao día seguinte e estaba moi rico".

(Israel Martínez).

"Neste curso fixemos xelatina con amorodos, cunha profesora que se chama Cris. Foi moi divertido e ademais estaba moi rica".

(Diego Yáñez).



Alumnas e alumnos de 2º B

A COCIÑA DOS NOSOS BISAVÓS

A cocina dos nosos bisavós

Este ano temos unha cocina antiga no noso colexio. Hai unha ventá, un forno, unha mesa etc. Encima da mesa hai alimentos, tamén hai cousas de adorno. Os profesores e profesoras fixérona entre todos e situárona na entrada grazas a iso podemos saber como e qué cocinaban os nosos bisavós e avós, e como se apañaban sen todos os electrodomésticos que hai hoxe en día.



Nas casas galegas a cocina era a estancia máis importante e acolledora. Nela eran recibidos os visitantes, formalizábanse contratos de compra-venta e intercambio, comíase, mantíñanse saladoiros, lugar de reunión de moitos enxeñeiros tradicionais, centros de relación familiar, celebracións de festas, conversas, bruxerías e ledicias e realizábanse distintos labores.

Tamén a utilidade de arte popular se fai estética. En tamaño e forma varían os distintos partes dunha cocina adaptándose entón claramente comunicada con outras dependencias, en especial con coctes dos animais.

A lareira ocupaba un lugar destacado, e no día de inverno abría os compañeiros familiares. Colíase unha combota que no interior leva o corixo onde se colgaban a carne de matanza (chourizo, unto...) para curar. A combota, que recollía o fumo da chimenea grande e esvelta, símbolo de poderío e riqueza, era un elemento do que con frecuencia veían os casar humildes. Do corixo pendía a gramalleira que sostín o caldeiro no que lentamente cocía o alimento dos animais. Sobre o brás (cuxa se usaban para prender o lume) ía o tradicional poté ou caldeiro da comida familiar. O fol servía para darlle forza o lume da lareira. Enriba do pedro da lareira obtense a trepa ou o trespér, para colocar no lume as tricolas ou pucheiras carentes de pé, ao contrario dos potés. A gramalleira de ferro, colgada do brás de madeira atravesado ao longo da combota, para colgar os caldeiros e outros corixos.

A cociña esta ambientada con carácter popular aínda vivente en calquera casa galega durante a primeira metade do século XX: cardís, de aceite, de gas ou de carburo, que suplían a carencia de luz eléctrica; o verdadeiro de granito, o alredouro de madeira, no que se exhiben pratos e utensilios de peltria ao lado doutros de louza popular de molilo, presidido por un cardeiro cunha pequena imaxe devocional, instrumentos con que se traballaba nela, como o prancha; ferros de pousar carbón, e unha lanqueta tallada artesanalmente. Tamén había ferramentas para facilitar a tarefa da matanza, como unha máquina de facer chourizos.

A cociña completa necesitaba distintos moldes prácticos e de formas ben diferentes. Na arte de amasar e gardar o pan, servían ademais de mesa, o banco ou exano colocabábase preto da lareira, os alar, os curos, os tricolas colgábanse na espelleira, mentres que nos alredouros colocábanse elementos decorativos. Para o limpeza do chan usábanse o basuro, feito con follas de xesto, completábanse o enxoval os útiles de barro, madeira ou metal para cocinar e gardar alimentos, zella, cunco (pan, cocido, caldo...) pratos zempaltados, paño do arco ou cesto, o porro, o leiteiro...

Muchos elementos da cociña tradicional galega desapareceron hai anos e actualmente novos elementos e outras necesidades igualaron o cociño rural coo urbano.


Vocabulario:

No colexio de Cariño montamos unha cocina antiga cun montón de cachibaches raros e outros que xa coñecemos, tamén a súa comida. Estes son os seus nomes e as súas definicións:

- Muíño de café → Máquina ou instalación para moer, que brantar, machucar ou laminar o gran.
- Lareira → Pedra grande ou conxunto de pedras da cocina. (cheminea).
- Paxe do ar → Cesto grande de vimbro ou conxunto de asas.
- Cántaro de leite → Botella de metal onde recollían o leite.
- Baralla → Conxunto de naipes ou cartas.
- Banquete → Asento sen respaldo.
- Mosteiro → Utensilio de madeira.
- Escumadeiro → Paleta circular con busatos.
- Aceiteira → Recipiente onde gardaban o aceite.
- Louteiro → Arbore pequena de follas verdes.
- Fol → Serve para soprar o lume e mellorar a combustión.
- Máquina de chourizos → Serve para facer chourizos.
- Ventedeiro → Pía das cocinas na que se frega a louza.
- Escorredoiro → Aparello ou andel onde se colocaban os pratos.
- Lenta → Conxunto de paus que serve pra facer lume.
- Fiestra → Espazo aberto para que entre a luz.
- Tixola → Utensilio de cocina.
- Licoreira → Botella onde botaban alcohol.
- Candil de carburo → Iluminaba as casas xa que non había electricidade.
- Sella → Gardaba a auga.
- Alzadeiro → Moble de cocina cun ou varios estantes.
- Cunco de amasar → era de madeira.
- Pote → Recipiente de ferro.
- Porrón → Recipiente de vidro, onde se garda viño, auga.
- Cafeteira → Máquina para o café.
- Carozas → Para prender o lume.



Alumnos e alumnas de 4º A



VISITA A SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A excursión a Santiago foi para nós unha das mellores excursións, por non dicir a mellor ...

Cando saímos das paradas eran as 8:30 (saíamos as 8:00 pero tivemos que coller outro autobús porque o primeiro era pequeno). Fomos con Natalia, María Docal e Carlos, os nosos profes.

Antes de chegar a Santiago fixemos unha parada na área de servizo de Miño, onde se podía comprar "o que quixeras" aunque era un pouco caro...

Cando chegamos a Santiago, primero fomos ao Parlamento onde vimos aos deputad@s que estaban discutindo. Aquel día houbo unha sesión na que se dixeron cousas moi duras e incluso algún chegou a deixar a cámara. Despois fomos a unha sala onde nos ensinaron un video. Por ultimo ensináronos unha biblioteca onde había moitos libros...



Xusto cando saíamos do Parlamento atopámonos co Conselleiro de Cultura e Educación. Dixémoslle que eramos do Colexio de Cariño e que estivemos falando e facéndonos fotos.

Cando xa estabamos a piques de subir de novo ao autobús atopámonos co Conselleiro de Cultura e Educación, Juan Vázquez, co que nos fixemos unhas fotos e ao que lle pedimos que botase

unha man aos colexios que teñen que aportar moitos cartos para as viaxes porque estamos lonxe das cidades, dos monumentos ou dos museos. Díxonos que os recursos son limitados. Logo fomos á Cidade da Cultura onde vimos unha "pelota" feita de libros. Esta "escultura" fíxoala Alicia Martín e viña representar un burato negro. Logo vimos unhas torres onde se concentraban todos os datos de



Internet de Xunta. A continuación subimos por unha costa que daba moito vértigo. Finalmente vimos unha exposición de homes nus.

Despois de xantar no "Monte da Condessa" fomos visitar o mosteiro de San Domingos de Bonaval. Ali estivemos no Panteón de Galegos Ilustres, un monumento no que se atopan os restos de Rosalía, Ramón Cabanillas, Alfredo Brañas, Asorey, Domingo Fontán e Castelao.

O que máis me aasombrou foi a triple escaleira helicoidal, obra de Domingos

de Andrade. Tamén vimos salas dedicadas a exposicións de vestidos de gaitera, instrumentos, ferramentas...





Por ultimo, fomos á Catedral de Santiago. Dentro estivemos vendo os restos do suposto sepulcro do apóstolo Santiago, o Botafumeiro...O Pórtico da Gloria non se podía ver na súa totalidade porque está en rehabilitación. Cando saímos, os profesortes deixáronos media hora para comprar o que quixeramos. Canto iamos para o autobús vimos algo que nos puxo moi tristes: uns pobres indixentes que "vivían" ao aire libre protexidos por cartóns e mantas e tirados no chan. No momento de facer este traballo sabemos que un deles morreu. Gustaríanos moito que eles, como todo o mundo, tivera sempre un lugar onde vivir con dignidade. Foi a nota triste da viaxe. Polo demais...

PASÁMOLO MOI BEN.

Fixeron este traballo Esther, Xiana, Alonso e Bruno, coa colaboración dos demais compañeiros de 5º A.



CHARLA SOBRE OS INCENDIOS FORESTAIS.

O día 12 abril tivemos unha charla sobre os incendios forestais.

Puxéronos un vídeo sobre o incendio que houbo nas Fragas do Eume fai un ano.

Dixéronnos que se provocou cunha colilla que alguén a tirou acendida no chan, e a extensión foi tan grande que ardearon 350 hectáreas de monte e tardaron uns cinco días, en apagar o lume.

Tamén nos puxeron un vídeo duns debuxos animados que teñan como protagonistas un neno, un trasto e un ago que quería incendiar o bosque.

Trouxeron unha motobomba coa que se poden apagar os incendios.


No patio, deixáronnos usar a mangureira e poñer os cascos (con gafas protectoras) que utiliza a cuadrilla de traballadores especializados en apagar incendios.

Foi unha charla moi interesante e a demostración moi divertida.

Xa sabedes, a partir de agora cando vaiaamos ao monte, debemos deixar todo recollido, non facer lume, non tirar colillas...

Fixádevos ben, a que se arman, por un pequeno desceido...






Alumnas e alumnos de 4º B

POEMAS E CONTOS.

Os nenos e nenas de 4º B
querémosvos propoñer:
que «o día das nosas letras»
e os que sigan despois.....
falemos todos galego,
na nosa familia
e na rúa,
tamén no traballo
e nos momentos de leer...
Que a nosa lingua
non se esqueza.
FALEMOS COMO GALEGOS!!



O LIBRO MÁXICO DE IDRIAL

Amastasia era unha nena que se acababa de mudar cos seus pais a unha casa preto dunha granxa rúa.

Un día, buscando no gaiado da casa atopou un libro, era o libro máxico de Idrial. Conta a lenda que este libro só pode ser aberto por unha persoa de corazón puro.

Amastasia empezou a xogar co libro cando de súpeto este abriuse e envolvementa nun remuíño que a engulliu dentro del. Cando despertou, Amastasia estaba nun mundo submarino. Era unha pequena cidade de coral, dentro dunha burbulla de aire; os seus habitantes eran todos sereas, dirixíronse a Amastasia dicíndolle:

— Por fin estás aquí, levamos tempo agardando para que nos ocides a loitar contra a bruxa. Amastasia, aconsellou ás sereas a defender a cidade de Idrial da maldada bruxa. As sereas acataron coa axuda de Amastasia e esta regresou ao gaiado da súa casa. Apenas pasaron cinco minutos pero a ela pareceronlle días. Nunca dicou nada a máis, era un segredo entre os habitantes de Idrial e da...



Alumnas e alumnos de 4º B

COSELLOS PARA UNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE.

Consellos para unha boa alimentación.

Non abuses das lambetadas e estaredes máis delgadas

Lucía e Andrea Breijo

De froita come moita

Elena e Laura

Como equilibrado e non te quedarás pasmado.

Manuel e Hugo.

Comer á hora é unha mellora.

Ana e Erika

Non quedarás como un rato se comes todo o do prato

Natalia e Carlos

Bebe auga, e non refresco e estarás máis fresco

Ignacio e Alejandro

O leite é moi bo aínda que o tomes só

Andrea Fraguela e Raúl

Comer pescado non é cousa do pasado.

Alex e Raúl

Alumnos e alumnas de 3ºA

ROSALÍA DE CASTRO.

CANTARES GALLEGOS - 150 ANOS

Rosalía de Castro




Naceu en
Santiago



críouse
en Padrón



Casou con
Manuel
Murguía



Morreu
en
Padrón
1885



CAL DESTES DEBUXOS
SE PARECE MÁIS Á
ESCRITORA
ROSALÍA DE CASTRO?



Castro

Alejandra

Nena

Teresa

Amiga

Rosalía

Enferma

Santiago

Galicia

Adrián

Lingua

Letras

Escritora

Galegos

Oitocentos

Sar



Alumnas e alumnos de primeiro.

LETRAS GALEGAS 2013: ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O 31 de xullo de 1950, coincidindo co remate das festas do Apóstolo na cidade de Santiago, naceu Roberto Ignacio Vidal Bolaño. O mesmo Roberto comentaba, con moita retranca, que os foguetes do remae da festa foron prendidos na súa honra, para conmemorar que viñera ao mundo.

Co paso do tempo convertírase nun dos creadores do teatro profesional galego.

Realizou os seus primeiros estudos de Primaria e Bacharelato en Santiago e con doce anos comezou a traballar como repartidor de recambios de coche, emprego ao que seguiron outros: nunha axencia de viaxes, nun almacén de coloniais e nunha entidade bancaria, até que, con vinte e sete anos, pasou a traballar profesionalmente no teatro.

Fundou a primeira compañía profesional de teatro en galego, o Grupo Entroido, na que realizou todo tipo de funcións: empresario, director, actor, autor, electricista, pintor...

A primeira obra que o Entroido profesional pon en escea é "Laudamuco, señor de ningures".

A esta obra seguíronlle ata preto de trinta obras teatrais que escribiu ao longo da súa traxectoria artística, algunhas delas adicadas ao público infantil: "Ruada das papas e o unto", "Touporroutou da lúa e o sol", "Romance dos figos de ouro", "Xáxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón"...



Tamén realizou guións para as televisións galega e española, levando á pantalla relatos de escritores galegos como Fole, Cunqueiro ou Blanco Amor.

Participou como actor en longametraxes como "A lingua das bolboretas" ou "Sempre Xonxa", en series televisivas como "Mareas Vivas" ou "Brigada Central e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas.

Recibiu numerosos premios pola súa obra teatral: Premio Abrente, Premio Cunqueiro, Rafael Dieste, Eixo Atlántico, Tirso de Molina...

No ano 1991 creou e dirixiu a compañía Teatro do Aquí, coa que seguiu representando as súas propias obras. A primeira obra protagonizada polo seu novo grupo é "Saxo Tenor" e a última será "Animaliños".

Roberto Vidal faleceu en Santiago de Compostela na madrugada do once de setembro de 2002. Sobre o seu cadaleito figurarán os símbolos que definiron a Roberto, o chapéu e o nariz de pallaso.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O CONCELLO XA TEN VINTE E CINCO ANOS

Corría o ano 1997 cando no número 30 do **ESPIGONCIÑO**, xornal deste Colexio, aparecía un comentario no que, baixo o título de *O CONCELLO XA TEN DEZ ANOS*, se falaba do aniversario da Constitución do concello cariñés. Faltaban uns días para que se cumpriran dez anos da publicación no Diario Oficial de Galicia da Orde do 21 de xaneiro de 1988, pola que se creaba unha nova entidade municipal, que viña facer a 94 na provincia da Coruña e a 313 en Galicia.



Agora o noso Concello xa ten vinte e cinco anos. Un tempo significativo na vida dunha persoa pero a penas un instante na vida dunha sociedade. Con todo, un xornal dunha institución educativa cariñesa e pública non pode substraerse á conmemoración dun feito que veu significar o abandono *da longa noite de pedra de sometemento, de humillación, de colonialismo e de incapacidade para ser nós mesmos*, en transcripción literal do comentario ao que faciamos referencia inicialmente. Chegaba o momento en que íamos ser responsables de nós, dos nosos acertos e dos nosos erros, das nosas iniciativas ou das nosas inhibicións; o tempo de exercermos de cariñeses.

Comentabamos entón que cada país, cada sociedade ou cada grupo humano ten sempre datas de singular

relevancia, que corresponden a momentos nos que algún feito vén determinar de xeito radical o porvir das persoas e das sociedades das que forman parte; das que viven ou das que se incorporan. Son datas que quedan impresas na memoria colectiva. Con seguridade, os que tivemos a sorte de disfrutar daquela xornada lembramos as demostracións de xúbilo das que fomos protagonistas e testemuñas. Lembramos tamén aqueles amigos que, non sendo cariñeses, estaban entre nós e disfrutaron con nós de tan significativa xornada. Amigas e amigos que permanecen non so nas fotografías, senón nos nosos corazóns. E lembramos tamén, como dicíamos entón, a todas aquelas persoas que marcharon para sempre sen poderen ver feito realidade o que, sen dúbida, era un dos maiores soños da súa vida, moitas delas participantes activas no proceso de segregación.

As dificultades polas que atravesan a nosa e outras sociedades poden facernos esquecer en maior ou menor medida o feliz remate daquela, por entón, difícil singladura. Fálase xa de concentración de concellos e non falta quen dubida da eficacia da decisión. Ao autor deste comentario, partidario da utilización máis racional dos recursos, singularmente dos públicos -entre os que a educación é dos máis necesarios- non lle cabe a menor dúbida: podemos falar de administrar, de compartir ou de concentrar, pero sempre desde a capacidade de cada grupo humano de adoptar as súas propias decisións, desde a liberdade de elixir, non desde a imposición. Esa liberdade de elixir é a que gañamos no momento en que acadamos a condición de habitantes dun concello chamado Cariño. Desde o 21 de xaneiro de 1988 somos máis libres. E a liberdade non se condiciona, senón que se exerce con responsabilidade.

C. Miranda

SEMANA DA SOLIDARIEDADE.

BANCO DE ALIMENTOS

Os Bancos de Alimentos xurden en Phoenix , Estados Unidos, na década dos sesenta cando John Van Hengel, obseva como cada día unha dona pasa por diante da súa casa cunha carretilla na que transporta diferentes produtos, principalmente alimentos. Un día pregúntalle polo destino deses produtos e ela contalle que recollendo o que os demais tiran, sobre todo en grandes supermercados, consegue alimentar aos seus nove fillos. Van Hengel comproba o que esta dona lle conta e decátase de que miles de persoas necesitadas pódense beneficiar destes produtos que se tiraban, dando orixe así a creación dos Bancos de Alimentos, coa única finalidade de loitar contra a fame, recuperando alimentos consumibles que non se poden comercializar.

Os Bancos de Alimentos son organizacións sen ánimo de lucro baseados no voluntariado e cuxo obxectivo é recuperan excedentes alimentarios e redistribuílos entre as persoas necesitadas, rexeitando o mal uso e desperdicio. Teñen un espírito de solidariedade cos que padecen os efectos da pobreza .

Organízanse coma empresas, con distintas áreas e un equipo de dirección.

Buscan empresas que doen, de xeito gratuito, os seus excedentes, aínda que algunhas cooperan ademais, xenerosamente, doando produtos que non son excedentes.

Aceptan:

- Distribucións gratuitas de excedentes alimentarios do Fondo Social da Comunidade Europea.
- Doazóns de particulares, organizan colectas e arbitran sistemas que lles permitan recoller gratuitamente alimentos.
- Subvencións coas que manter as estruturas do Banco de Alimentos, naves de almacenaxe, transporte, cámaras frigoríficas...

Distribúe gratuitamente os alimentos ás persoas necesitadas a través de asociacións benéficas e asistenciais da provincia de A Coruña. Endexamais se da comida a particulares.

Actualmente existen no mundo 500 Bancos de Alimentos. En Europa funcionan 150, deles 53 están en España, actuando cada un de forma independente, exclusivamente na súa cidade e provincia.

O ano 1993, e coincidindo co Día da Paz, o Centro dá comezo a unha das experiencias que constitúen un motivo para crer na educación como factor de dimanización da solidariedade entre os pobos e como compromiso dunha comunidade cos máis desfavorecidos: **as cuestacións anónimas.**

Unicef, Intermón, Médicos sen Fronteiras, Mans Unidas, Sos África, Cruz Vermella, Cáritas, a Cociñá Económica... son algúns dos organismos que por medio do Centro recibiron donativos para axudar aos máis desfavorecidos ou ás vítimas de catástrofes naturais.

Este ano, en vista da grave situación que están a padecer moitas persoas ao noso arredor, decidimos destinar o noso donativo ao Banco de Alimentos Rías Altas.



O mércores, 30 de xaneiro, data na que celebramos o Día da Paz, dous representantes desta Asociación viñeron ao noso cole e déronnos unha charla sobre a súa Asociación.

Contáronnos que, para poder funcionar, O Banco de Alimentos necesita unha gran nave para almacenar os produtos e unha organización de persoas que traballen como voluntarios para poder xestionalo. Todo se leva a cabo a través destas persoas que prestan a súa capacidade profesional e o seu tempo de xeito absolutamente voluntario, non cobrando baixo ningún concepto.

Co diñeiro recadado na cuestación anónima, 1.053,14 €, mercamos conservas variadas nas dúas fábricas que temos no noso pobo: "La Pureza" e "La Jira" e doámolos ao Banco de Alimentos Rías Altas. As conserveiras se encargaron tamén de transportalas, e en canto chegaron ó seu destino enviáronnos unhas fotografías.



Enviáronnos un e-mail agradecendo a nosa colaboración:

CEIP DE CARIÑO

De: "Banco de Alimentos Rías Altas" <balrial@hotmail.es>
Fecha: viernes, 15 de marzo de 2013 13:30
Para: <ceip.manuel.fraga@edu.xunta.es>
Asunto: A/A Antonio Caloto

Estimado Director:

Queremos manifestaros nuestro agradecimiento, a vosotros y a todos los donantes de esta campaña, de los 1053 euros recaudados en beneficio de las personas necesitadas de nuestra provincia.

Gestos como éste que habéis tenido, sin duda colaboran a hacer una sociedad más humana y solidaria, y merecen por tanto el reconocimiento de todos los que formamos parte de ella.

Con nuestros más cordiales y solidarios saludos, os repetimos !!MUCHAS GRACIAS!!

BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS
José Luis Castro-Acuña Leyte
PRESIDENTE

Me gusta

ha compartido la foto de

Tamén as conserveiras mostraron o seu agradecemento como se reflexa neste post do facebook dunha delas.

Gracias a los bancos de alimentos por la labor que estáis haciendo. Nosotros colaboramos con lo que pudimos, esas conservas son donación de Conservas La Pureza, de Conservas Amieiro y del Colegio Público de Cariño, entre todos los niños hicieron una coleta y con lo que recaudaron compraron conservas para que les enviásemos al banco de alimentos. Desde aquí os pedimos a todos solidaridad y colaboración, cada uno con lo que pueda, son tiempos difíciles, pero para unos más que para otros... algunos no tienen ni que comer.

Conservas La Pureza de Cariño, empresa dedicada a la elaboración de salazones y conservas de pescado de forma artesanal, nos ha donado 215 Kilos de conservas. Gracias por vuestra colaboración





Desde aquí, nós tamén queremos felicitar a esta asociación polo gran labor que están a realizar: dar de comer á xente que non ten suficiente diñeiro para mercar comida é admirable.

Sentímonos orgullosos porque grazas a nós moitas persoas necesitadas van ter algo que comer.

Pensamos que, ademais de comida, tamén poderíamos doar xogos que xa non usamos, roupa, material escolar, etc...

Tamén participamos nun concurso de lemas organizado por esta asociación para acabar coa fame no mundo.

ALUMNOS/AS 6º PRIMARIA

BIBLIOTECA.

Desde a biblioteca queremos recordaros no Espigonciño que temos moitos libros novos. Esperamos que veñades máis por aquí. Pasarédelo moi ben.

Queremos agradecer a vosa participación en todas as actividades que programamos nestes meses. Moi especialmente aos nenos e nenas de sexto que para celebrar o **Día da Paz** e escribiron un conto para contarllo aos nenos e nenas do 1º ciclo.



Aquí os vemos con Xan e os seus amigos.

Non temos que esquecer tampouco a vosa colaboración nas actividades do **Día do Libro**. Aquí tedes unhas fotografías do **concurso de adiviñas**.



Agora veredes aos **gañadores** do concurso.



Estes son os gañadores de **Primaria**. Faltan os de terceiro

Agora veñen os **gañadores de Educación Infantil**. Son uns campións.



Despois das adiviñas viñeron as **lecturas dramatizadas** coa dramatización do conto

La gallina Lina.



Alumnos colaboradores



O narrador



Nenas co antifaz máxico



*Todo estivo presidido por **Multileo**.*

Moitos saúdos para todos



OBRADOIRO DE COCIÑA.

Xelatina con amorodos:

Ingredientes para cinco persoas:

- 100 gr. de xelatina con sabor a amorodo
- 100 gr de amorodos
- ½ litro de auga.



Preparación

- 1º Vertemos os 100 gr. de xelatina en po en 250 ml de auga quente e remexemos ben ata que se disolva totalmente.
- 2º Engadimos outros 250 ml de auga fría, removemos de novo e reservamos no recipiente.
- 3º Lavamos e picamos os amorodos en anacos miudiños.
- 4º Introducimos os amorodos nos moldes, vertemos a xelatina por riba e deixámolo arrefriar no frigorífico ata que calle.



Suxestión

Esta mesma receita pode ser realizada con distintas froitas e xelatinas de diferentes sabores, dependendo dos gustos do consumidor e da súa imaxinación, agás as froitas tropicais como o kiwi, o mango ou a piña, que impiden a solidificación da xelatina.

Zume de pomelo

Ingredientes:

- Dous pomelos
- Auga
- Azucre

Preparación:

- 1º Corta os pomelos á metade cun coitelo e esprémeos ben utilizando o espremedor. Un truco para sacarlle todo o zume é introducilos antes en auga quente.
- 2º Bota o zume nun vaso e completa cun pouco de auga.
- 3º Engade azucre segundo ao teu gusto.
- 4º Sérveo no momento para que non perda ningunha das súas propiedades.



EXPERIENCIAS.



EXPERIMENTO: A FLOR DE COR

1º) Reunimos moitos botes de iogur bebible, para pintalos ao gusto de cada un.



2º) Destintamos nos botes de bebibele e tamén en botellas de plástico a tinta de rotuladores de cores.

3º) Metemos dentro dos botes unha rosa branca e esperamos...

4º) Aínda que o resulta non é sempre o esperado, ao día seguinte comezamos a verlle un pouco tintados os pétalos da rosa.



5º) Experimento rematado!

Para facer un experimento igual ou parecido, tedes que escoller unha rosa (ou outra flor) de talo grosso. Incluso podeades dividir o talo en catro partes e meter cada unha noutra tinta.



Alumas e alumnos de 3º A

DEPORTES.

Atletismo en Moeche.

Moeche foi xenial, houbo moitos xogos, carreiras, lanzamento de xavelina e lanzamento de peso. Tamén fixemos saltos.


Nas carreiras tivemos que ir de un cono a outro dez veces, tamén nos relevos tivemos que ir de un cono a outro, pero cun obstáculo que tiñamos que saltar.

Ao final fixemos unha carreira na que tiñamos que pasar por riba dunha colchoneta logo pasar por debaixo de dous bancos, saltar un obstáculo e chegar a onde estaba o noso equipo e darlle o relevo ao seguinte para que saíra correndo.

Ao final fómonos no bus e paseino xenial.



Analyce e Uxía de 3ºB



PASATEMPOS E CHISTES

* Primeiro acto: Soe un tomate.

Segundo acto: Soe una cámara fotográfica.

Terceiro acto: Soe o tomate para poñerse na cámara.

- Como se chama a obra?

- TÓMATELO

* Vai un coracal e derrocha...

* Era tan, tan pequena que a súa mascota eran os microleis

* Nun control de Matemáticas de 4º, un exercicio dicía:

Nomea estes polígonos:



cintésimo



triángulo



cuachésimo



octalono

E unha nena respondeu nesta orde:

cintésimo, triángulo, cuachésimo e octalono


en lugar de pentágono, cuadrilátero, octógono.

— o —

Alex, Marta e Antía de 4º B

Instrucións para facer un porco


- Primeiro fanse dous W.
- Despois faise unha M.
- A continuación unha E.
- Por último faise unha O e un Z.
- E logo scríntase.




Laura
4º B

Como debuxar unha cabeza de cabalo (para sangue)

1º Debuxa dous círculos sen conexión e líneas coma no exemplo:







2º Debúxalle as orellas e borrálle o que te sobre:



3º Debuxa: o de dentro da orella, o ollo, o nariz e as orelas


VERA L.R
2º B

Camións de Sombreiroiros



Sabela
4^oB

Colorea: 1 Azul 2 Amarelo 3 Vermello
4 Verde 5 Laranxa 6 Morado 7 Marrón





Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística